



Deputación
DA CORUÑA

Nº 2

31.05.2017

Boletín de Medio Ambiente



Monte Pindo, o Olimpo Sagrado dos Celtas

Concellos: Cee, Dumbría, Mazaricos e Carnota.

Rutas: hay unha sinxela, que é para subir a Moa desde O Fieiro, duns 3 km e medio e faise nunha hora e outra máis longa, de 9,25km para subir ao Olimpo Sagrado dos Celtas e a duración é dunhas catro horas.

Curiosidades: catalógase coma un Lugar de Importancia Comunitaria e encóntrase dentro da Red Natura 2000, cheo de especies en perigo de extinción, vexetación e flora.

Noticias

Hábitos de reciclaxe nos Concellos

A Comunidade galega non ten unha gran cultura de reciclaxe, encontrándose no posto decimotercero estatal, cunha media de 38,8 kg de envases reciclados por habitante. Sen embargo 5 Concellos da provincia superan a media autonómica. O Concello de Santiago sitúase primeiro con 53,6 kg de media, A Coruña síguelle de lonxe con 41,6 kg de envases reciclados por habitante; os Concellos de Narón, Oleiros e Culleredo continúan o listado cunhas medias de 41,4 kg, 41,2 kg e 39,1 kg respectivamente. Os colectores máis utilizados polos galegos son, por orde, o amarelo, o azul e o verde.

Fonte: [La Opinión A Coruña](#)

25 años de Rede Natura 2000

Fai 25 anos, o 21 de maio de 1992, aprobouse a Directiva 92/43/CEE, máis coñecida como a Directiva Hábitats, relativa a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

A través deste instrumento normativo creábase a Rede Natura 2000, unha rede ecolóxica formada por 27.000 espazos protexidos repartidos polos 28 países membros da Unión Europea, co obxectivo de garantir a conservación dos hábitats naturais e das especies ameazadas. A superficie de espazos que pertencen a esta rede en España é de 210.000 km², dos cales, aproximadamente, 3.544 km² encóntranse na Comunidade Autónoma de Galicia.

Fonte: [Actualidad Jurídica Ambiental](#)

Noruega, o primeiro país do mundo en prohibir a deforestación

O ano pasado, o país convertiuse no primeiro en comprometerse para acabar coa deforestación, pretende evitar e prohibir, a través das políticas de contratación pública, calquera produto da súa cadea de suministro que contribue a tala de árbores. Para facelo, debían buscar vías para obter produtos como o aceite de palma, a soia, a carne ou a madeira de forma sustentable. Pois según as cifras recabadas por Climate Action, a obtención destes produtos contribuíu ao 40% da tala de bosques tropicais e ao 44% das emisións de carbono asociadas entre 2.000 e 2.011.

Este paso non é o primeiro andado por Noruega neste tema, xa no ano 2008, deu mil millóns de dólares a Brasil para combater esta lacra. Gracias a esta donación, o país sudamericano conseguiu en 2015 reducir a deforestación nun 75%. Salváronse máis de 8 millóns e medio de hectáreas da selva amazónica e evitouse a emisión de 3'2 millóns de toneladas de CO2.

Fonte: [La Vanguardia](#)

Concurso fotográfico «NATURE@work»

A Unión Europea celebra un concurso de fotografías sobre o significado da natureza, está aberto a todos os cidadáns europeos maiores de 18 anos e divídese en 3 categorías: A natureza ofrece, a natureza protexe e a natureza inspira. As fotografías poden enviarse ata o 15 de Agosto a través da web da Axencia Europea do Medio Ambiente, os gañadores recibirán un premio en metálico.

Fonte: [Axencia Europea do Medio Ambiente](#)

O AutoGas, carburante alternativo máis utilizado

Este carburante, tamén denominado GLP de automoción, é utilizado por máis de 25 millóns de persoas en todo o mundo, en España xa o usan máis de 50.000. Entre os beneficios de uso encóntrase unha maior autonomía, un custe inferior e a vantaxe de que polas baixas emisións de partículas e óxidos de nitróxeno se lles permite circular con independencia de que o protocolo de calidade de aire dalgúns cidades estea en efecto.

Fonte: [El Blog Verde](#)

O Cambio Climático crea negocio

Unha compañía canadense vende envases de aire comprimido das Montañas Rochosas de Canadá. O que en principio comezou como unha broma rematou sendo un negocio, venden 10.000 envases ao mes en China e esperan ter a mesma acollida na India. Pero este non é o único ámbito no que se conseguiu facer diñeiro a costa dos problemas ambientais. Uns emprendedores suecos, que nunha viaxe á India déronse conta da pouca calidade e variedade das máscaras de filtración de aire á venda, crearon unha empresa que as diseña con máis calidade e de diferentes cores e deseños.

Fonte: [BBC](#)

¿Sabías que...

a algúns aparellos eléctricos denomínaselles “vampiros eléctricos”, coma ao televisor, a pantalla da computadora e o microondas, porque consumen enerxía as 24 horas do día aínda que estean apagados? Dependendo do número de aparellos conectados a factura da luz pode subir entre un 5% e un 20%. Aconsellámoste que desconectes estes aparellos cando non os esteas utilizando.

XUNTA DE GALICIA

SUBVENCIÓN	BENEFICIARIOS	PRAZO
<u>Subvencións para auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión, e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria e hoteleiro</u>	a) As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos, que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia, incluídas no sector hoteleiro ou da industria. Tamén serán subvencionables as actividades contidas no IAE que se correspondan con estas seccións da CNAE 2009. b) As empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía e que o obxecto destes contratos sexa a consecución de aforro económico derivado dun menor consumo de enerxía.	25/05/2017 - 06/07/2017
<u>Axuda do Plan Renove de instalacións eléctricas comúns</u>	Comunidades de propietarios ou persoas físicas propietarias de edificios de uso residencial con dous ou máis vivendas.	16/03/2017 - 01/09/2017
<u>Proxectos de instalacións de fotovoltaicas nas comunidades de propietarios</u>	As comunidades de propietarios/as que leven a cabo as instalacións fotovoltaicas establecidas no artigo 5 destas bases nas vivendas en que sexan titulars da subministración eléctrica e que estean dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.	10/05/2017 - 09/06/2017
<u>Axuda do IGAPE para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020</u>	Pequenas e medianas empresas segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº651/2014	18/04/2017 - 20/06/2017

GOBERNO DE ESPAÑA

SUBVENCIÓN	BENEFICIARIOS	PRAZO
<u>Axudas da Fundación Biodiversidad, en réxime de concurrencia non competitiva, para a cofinanciación de proxectos apoiados polo programa LIFE no ámbito da biodiversidade 2017.</u>	Entidades e organizacións sen ánimo de lucro con sede en España, legalmente constituídas e inscritas no rexistro correspondente. Organismos públicos de investigación, universidades públicas, corporacións de dereito público profesionais, Administracións Públicas, entidades locais e entidades mercantís.	15/03/2017 - 16/10/2017
<u>Axudas da Fundación Biodiversidad, en réxime de concurrencia competitiva, para a realización de actividades no ámbito da biodiversidade terrestre, biodiversidade marina e litoral 2017.</u>		15/03/2017 - 30/06/2017

UNIÓN EUROPEA

SUBVENCIÓN	BENEFICIARIOS	PRAZO
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Acción polo Clima 2017, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 07/09/2017
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Medio Ambiente e Eficiencia Enerxética 2017, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 12/09/2017
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Natureza e Biodiversidade, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 14/09/2017
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Gobernanza e Información Medioambiental, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 14/09/2017
<u>Axudas para a Eficiencia Enerxética, baixo o programa Horizonte 2020</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	25/01/2017 - 07/06/2017
<u>Axudas para Enerxías con baixas emisións de carbono 2017, baixo o programa Horizonte 2020.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	14/10/2015 - 07/09/2017
<u>Financiación de proxectos integrados para o Medio Ambiente e a Acción polo Clima, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 26/09/2017

Tropa Verde

O Concello de Santiago, e máis recentemente o de Ames, sumáronse á iniciativa Tropa Verde, un proxecto de sensibilización para incentivar ao reciclaxe. Mediante a entrega de residuos nas instalacións de reciclaxe axeitadas recíbense puntos ou estrelas que o cidadán poderá trocar por agasallos nas diferentes tendas adheridas.

Fonte: [Tropa Verde](#)

Pagar o transporte público ou o cine reciclando lixo

En México, fronte á subida de prezos da gasolina e o transporte público, están a buscar alternativas para evitar o impacto económico na poboación. Por esta razón, a compañía *BioBox* creou un plan no que abonará saldo nas tarxetas do transporte público mediante o reciclaxe de basura. A idea é que o proxecto permita ser unha ponte entre a reciclaxe de envases e a recompensa a cada usuario para o transporte público ou incluso, para o cine.

Mediante a *Reverse Vending Machine* – máquina expendedora á inversa – o usuario introducirá o envase de PET ou latas de refrescos para abonar nunha tarxeta puntos PayBack. Trátase da primeira máquina que da un premio a cambio de reciclar. O proxecto provee a tarxeta gratuita coa que se van acumulando puntos e a mesma máquina permitirá abonalos na tarxeta de transporte “cambias os puntos da tarxeta PayBack polo saldo da tarxeta de transporte, así de simple”.

Fonte: [Ecoesfera](#)

O adhesivo da vergoña

O sistema de reciclaxe do Xapón é un dos máis complicados do mundo, de feito teñen 9 categorías diferentes de lixo. Para o sector empresarial é obrigatorio por lei, pero a cidadanía está moi concienciada con esta labor, como exemplo a taxa de reciclaxe de latas de aluminio é do 90%. Dependendo do tipo de lixo ha de sacarse aos colectores un día ou outro e sempre a unhas horas determinadas. Pero o máis destacable é que has de depositar o lixo nunhas bolsas translúcidas homologadas, se as autoridades ven que depositaches residuos incorrectos na bolsa “castigarante” cun adhesivo vermello e non levarán o teu lixo, todo o vecindario saberá que non reciclas correctamente. Socialmente esta circunstancia considerase unha vergoña.

Fonte: [SoraNews24](#)

Campaña de sensibilización sobre recollida selectiva en Boqueixón

Os participantes, alumnos de 4ª de ESO do CPI Antonio Orza Couto, adquiren formación implicándose en necesidades reais do seu entorno coa finalidade de melloralo. O proxecto centrouse nunha campaña de sensibilización para a correcta separación de residuos nos fogares do concello.

Esta campaña consta de dúas fases, unha primeira centrada no traballo en aula nas diferentes asignaturas implicadas e unha segunda fase, cunha presentación o domingo 7 de maio, na Feira de Lestedo.

Fonte: [Concello de Boqueixón](#)

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal